

## **ROGO DE AER SOBRE O SERVIZO DE EMERXENCIAS**

PLENO 30 XULLO 2015. ACTA 14/2015

Despois dos sucesos da pasada semana onde quedou en evidencia que as emerxencias en Redondela poden ser xestionadas mellor, e que os recursos son insuficientes para os niveis de seguridade que merecen os cidadáns. Sabendo da intención dalgúns gobernos de deputacións galegas de xestionar de xeito público esta área e solucionar o problema que temos en Galiza coa organización e privatización destes servizos de emerxencias, nos que prima facer negocio e non a seguridade nin o medio-ambiente; rogamos ao goberno local de Redondela que demande ás administracións competentes o estudo e creación dun servizo de emerxencias público axeitado para o noso concello de 30.000 habitantes, co que esteamos cubertos as 24 horas do día os 365 días do ano.